

Acta Reunión Ordinaria Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 11 de xullo de 2018

Hora: 10:05

Lugar: Sala de Xuntas 3.1

Asistentes:

Antonio Mosquera González

Julia González Álvarez

David Losada Carril

Anuska Mosquera Corral

Francisco Omil Prieto

José Varela Pet

M^a Carmen Palacios Oubiña

Ausencia Xustificada:

David López Vilariño

Puntos a tratar:

1. Aprobación de actas de anteriores reunións
2. Informe sobre Accións de Mellora
3. Actividade de comités externos
4. Plano Executivo de Calidade
5. Sistema de Garantía de Calidade
6. Web de Centro
7. Actividade de formación para PDI
8. Actualizacións de guías de centro e folletos de titulacións
9. Quenda aberta

1. Aprobación de actas de anteriores reunións.

Apróbanse por asentimento as actas da reunión ordinaria do 14 de novembro de 2017 e da reunión extraordinaria do 11 de abril de 2018.

2. Informe sobre Accións de Mellora.

O Director sinala que se pediu por escrito aos coordinadores de titulación un breve informe sobre o estado de desenvolvemento das cadansúas accións de mellora co propósito de que o Secretario o poida incorporar á acta da presente reunión. Abre unha quenda de intervención para que os coordinadores teñan a oportunidade de resumir ese estado.

A coordinadora do GrEQ destaca tres cuestións de relevancia: a revisión do sistema de avaliación recollido nas guías docentes, a incorporación progresiva no Campus Virtual de modelos de exame para todas as materias e a avaliación da adquisición das competencias previstas no curso de competencias informacionais.

A coordinadora do MEQBio aporta que, no caso desa titulación, contéplanse sete accións de mellora, cinco das cales hérdanse do ano anterior. Fai referencia explícita ás accións relacionadas co seguimento de egresados, coa unificación do comité consultivo para Grao e Máster e coa análise da carga de traballo

do Módulo 2 da titulación. Con respecto ao resto de accións (estado da web, xestión da seguridade segundo IChemE, etc.) limitábase a indicar que se atopan en progreso.

O coordinador do Máster en Big Data refire cinco accións de mellora, todas elas executadas e pechadas. Considera oportuno salientar a creación dun calendario compartido para levar conta da carga de traballo, a adopción da ferramenta Teamviewer para mellorar a interacción cos alumnos da Universidade de Murcia, o uso da infraestrutura do CESGA e o desenvolvemento dun proxecto piloto de gravación e retransmisión das clases de tres materias.

O coordinador do MEnA coida que o número de accións de mellora contempladas no seu caso é razoable: cinco das sete accións están xa rematadas e as dúas que faltan están relacionadas coa memoria do título e coa enquisa de competencias. Baixo o seu punto de vista, o máis novidoso é, por unha banda, que se elaborou un informe individualizado por materia que inclúe unha análise en base a resultados de calidade, e, pola outra, que se executou un cambio de profesorado debido a xubilacións (o cal foi aproveitado para desenvolver un documento de recomendacións para futuras asignacións).

O Director remata este punto pedindo un repaso final na Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión (AASX) para pechar accións, engadindo posibles comprobacións e evidencias de cumprimento.

3. Actividade de comités externos.

O Director aclara que este punto foi incorporado para deixar rexistro na Comisión de Calidade desta cuestión da que xa se ocupan as comisións de titulación. Faise constar que non houbo reunións do comité externo conxunto do GrEQ e o MEQBio, mais está previsto que se desenvolva unha xuntanza o próximo 20 de xullo.

4. Plano Executivo de Calidade.

O Director comeza lembrado o propósito do Plano Executivo de Calidade (PEC). Esta nova versión inclúe a planificación para o próximo curso e engade dous novos apartados sobre seguridade e difusión de información. Unha vez o documento reciba a aprobación tanto da Comisión de Calidade como da Comisión de Seguridade, as comisións de titulación serán informadas ao respecto.

De seguido, o Director pasa a percorrer os diferentes bloques que conforman o documento. O de Actividades Académicas consta dos seguintes apartados: acollida, mobilidade, prácticas en empresa e Traballo de Fin de Grao/Máster. A profesora Anuska Mosquera considera moi positivo que se achegue información de seguridade no acto de benvinda aos estudantes de nova incorporación, pois así se evitan repeticións nas distintas materias; o Director responde que a certificación de seguridade fai que isto sexa de obrigado cumprimento. O coordinador do GrEI avoga por eliminar o Plan de Titorías Personalizadas, dada a súa baixa demanda de uso. Pola súa parte, o Secretario matiza que, en rigor, o Responsable Académico de Mobilidade non organiza unha reunión na Escola, senón que, dende hai xa algún tempo, é o Servizo de Relacións Exteriores quen agrupa a estudantes de varios centros nun número limitado de charlas para darlles conta das posibilidades que ofrecen os diferentes programas de mobilidade.

A sección de Docencia integra información sobre tres aspectos: o manual de procesos e procedementos, agora mesmo pendente da adaptación do Sistema de Garantía de Calide (SGC) con data límite de febreiro de 2019; as enquisas de nova incorporación, de carga de traballo e avaliación continua (unha novidade nesta versión que vai requirir algunha nova pregunta), de adquisición de competencias (a executar desta volta só para as titulacións de Máster, precísanse os listados de competencias e de empregadores) e de inserción laboral (executada baixo demanda para cada título, pero que non haberá de ser lanzada este

ano); por último, o proceso de seguimento, que vai artellado en cinco actividades, catro das cales contemplan xuntanzas cos grupos de interese.

O novo bloque de Seguridade aínda non foi tratado pola Comisión de Seguridade, o que explica o seu estado incipiente. No seu momento haberá de ser aprobado por esta comisión, que recentemente deu luz verde á estrutura do Manual de Procedementos do Sistema de Seguridade e Saúde no Traballo. O Director pide a todos os coordinadores que revisen esta nova sección do PEC.

O bloque de Xestión da Información regula o xeito en que debe difundirse a información sobre comisións (membros, regulamento, actas, proceso de mellora, responsables da publicación) e enquisas a grupos de interese (informes de análise de resultados emitidos polo Responsable de Calidade da ETSE). De nova incorporación é o apartado de Medios de Comunicación, no que se dá conta dos recursos dos que dispón a Escola para a difusión de información (a web, o Twitter e as catro pantallas instaladas nas zonas comúns) e se establece, por medio dunha táboa, a política de publicación. O Director explica o formato desta táboa, que contempla catro grupos de actividades e regula tanto a difusión previa dos eventos, como a información que debe ofrecerse con posterioridade. Pide aos presentes que revisen isto detalladamente durante o mes de xullo e que fagan as súas aportacións co obxectivo de achegar esta novidade aos grupos de interese no mes de setembro.

5. Sistema de Garantía de Calidade.

O Director informa de que, con data límite do 20 de febreiro de 2019, o Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da ETSE haberá de estar adaptado ao novo marco da USC. En consecuencia, enviará aos coordinadores o listado de procedementos a revisar, co obxectivo de que estes propoñan a unha persoa axeitada para esta revisión; a idea é que cada procedemento dispoña de dous relatores como mínimo (un polo GrEI e outro polo GrE), quedando a criterio dos coordinadores de Máster decidir se é necesario implicar a un profesor da súa titulación.

O proceso de revisión arrancará a principios do mes de Setembro, de xeito que a asignación de relatores sería efectiva a mediados dese mes; logo dun tempo de traballo de mes e medio ou dous meses, podería acometerse unha segunda revisión de tipo administrativo no mes de novembro e pechase o proceso antes das vacacións de Nadal.

6. Web de Centro.

O Director sinala que a ferramenta de edición que será utilizada para xestionar a nova web do centro presenta algunhas limitacións, mais aporta a gran vantaxe do soporte proporcionado pola Área TIC e a Oficina Web da USC. Os centros serán responsables da actualización de contidos en galego e castelán. De seguido describe o formato adoptado, no que destaca a páxina principal dotada de cabeceira e pé de páxina (no que se fará constar a data e o autor da actualización), e dun número ilimitado de menús horizontais dos que só é fixo o de Estudos (o cal leva á web institucional).

O Director pasa a percorrer de esquerda a dereita os menús que deseñou para tratar de adaptar a web á realidade da Escola. No menú ETSE destaca a entrada etiquetada como Pantallas, de gran interese para alimentar directamente as pantallas instaladas nas zonas comúns. O menú Investigación agrupa departamentos, centros de investigación e grupos de investigación vencellados á Escola. O menú Calidade ofrece información sobre SGC, seguridade, acreditacións e rankings. O grupo de Empregabilidade abrangue mobilidade, prácticas en empresa, Aula Profesional e inserción laboral (con indicadores e evidencias).

O Director preferiría que o menú de Goberno viñera colocado en segunda posición, mais isto non é posible porque é obrigado que neste lugar figure o menú normalizado de Estudos. Neste grupo se dará acceso á información sobre normativa (non será preciso ocuparse das normas da USC) e comisións. Mención

especial merece o apartado de formularios web: o Director pediu formularios para todos os trámites que non requiran rexistro de entrada; o ideal sería que se puidera facer uso da sinatura electrónica pero isto non é directo.

Por último, o menú etiquetado co nome do curso actual vai ser o de actualización máis frecuente. Nel figura un ítem por cada un dos sete títulos adscritos ao centro, tres entradas correspondentes a servizos (biblioteca, aulas de informática e reprografía) e seis enlaces a distintas páxinas da web institucional. O Director aclara que, a diferenza do contido do menú Estudos, os sete ítems das titulacións permiten navegar a páxinas propias que tamén estarán enlazadas dende o carrusel da portada. Na medida do posible, nas páxinas propias colocárase unicamente enlaces á web institucional e a outras seccións da web da Escola. Non obstante, nestas páxinas propias é necesario acadar unha mínima homoxeneización entre titulacións.

Unha vez vista a estrutura da web, agora hai que dotala de contidos. O Director irá paulatinamente pedindo contribucións a cada un dos implicados, coa intención de que poida estar en funcionamento a mediados de curso. O Director considera moi importante que os coordinadores acorden canto antes unha estrutura común para as súas páxinas. De especial relevancia é que manifesten se consideran necesario dispor de páxinas subordinadas.

7. Actividade de formación para PDI.

O Director ven traballando ultimamente no deseño dunha actividade de formación para PDI que vai consistir na programación dun conxunto de Charlas sobre Innovación Educativa. A súa preferencia é que estas charlas sexan impartidas por profesionais dos ámbitos propios da Escola, establecendo tres “aneis” de proximidade: Enxeñaría Química/Informática, Enxeñaría e Ciencias. Contéplase o uso de videoconferencia e quere facer responsables aos coordinadores de titulación, razón pola cal lles pide que lle acheguen os contactos dos que poidan dispor. No mes de setembro solicitará oficialmente a inclusión desta actividade no Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) da USC.

8. Actualizacións de guías de centro e folletos de titulacións.

Dada a data de comezo da actividade docente no curso 2018/19, é preciso deixar preparados estes documentos antes das vacacións de verán. O Director pide a colaboración de todos os membros da Comisión na actualización das guías.

9. Quenda aberta.

Non hai intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 12:05 h.